

**ACTA**

|                         |                          |
|-------------------------|--------------------------|
| <b>Expediente núm.:</b> | <b>Órgano colexiado:</b> |
| XGL/2021/28             | A Xunta de Goberno Local |

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

|                          |                                   |
|--------------------------|-----------------------------------|
| <b>Tipo Convocatoria</b> | Ordinaria                         |
| <b>Data</b>              | 26 de agosto de 2021              |
| <b>Duración</b>          | Desde as 13:30 ata as 13:55 horas |
| <b>Lugar</b>             | Sala de Reunións                  |
| <b>Presidida por</b>     | Manuel Cuiña Fernández            |
| <b>Secretaria</b>        | María Fernanda Montero Parapar    |
| <b>Interventor</b>       | Leopoldo Moure Dopico             |

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

| <b>DNI</b> | <b>Nome e Apelidos</b> | <b>Asiste</b> |
|------------|------------------------|---------------|
| 77404245E  | Ángela Troitiño Gil    | NON           |
| 76801683Z  | Antonio Ferro Losada   | SÍ            |
| 35251841V  | Jesus Taboada Lazara   | SÍ            |
| 76816828W  | Mónica González Conde  | SÍ            |

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA****Aprobación da acta da sesión anterior 19/08/2021**

|                  |  |
|------------------|--|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento |
|------------------|--|

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 19 de agosto de 2021.

**Expediente 1450/2021. Aprobación proxecto. Mellora de viais. Plan Concellos 2021****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Resolución de concesión de subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS (PLAN CONCELLOS) NA SÚA LIÑA 1, publicada no BOPPO de 4 de xaneiro de 2021, modificada polo contido no BOPPO de 17 de Febreiro de 2021 por importe de 605.308,54 € para a execución da obra denominada "[Proxecto de Mellora de viais en Taboada, Margaride, Dornelas, Moalde e outras](#)".

Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: "[Proxecto de Mellora de viais en Taboada, Margaride, Dornelas, Moalde e outras](#)", por importe de **500.254,98 €** euros máis **105.053,55 €** euros de IVE (total 605.308,53 €).

Informe emitido polo técnico municipal César Pereiras Cambón de data 13/04/2021 sobre a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais e o cumprimento da normativa urbanística.

Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente:

Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 19/04/2021 (Expte. 2021017188). Estrada 6502. Silleda-Castro-Merza.

Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 19/04/2021 (Expte. 2021017189). Estrada 7017. Calobre-Ponte Ledesma.

Autorización Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Servizo Provincial de Pontevedra. Expte. Nº.- IF204A/PO/2021/0410. Resolución autorización dominio público e nas zonas de protección das estradas PO-205 e PO-211.

Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio de data 06 de xullo de 2021 indicando que a presente actuación no precisa de autorización en virtude das Instrucións de 08 de novembro de 2017 e 02 de agosto de 2019, relativas ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, as súas contornas e as zonas de amortecemento.

Consta presentada en Augas de Galicia a declaración responsable por actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía en data 21/06/2021.

Visto o informe do técnico municipal Lino M Doporto Framil, no que se informa favorablemente a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Constando informe xurídico número 76/2021, de data 24 de agosto, da Secretaría da Corporación.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adopta o presente acordo:

**Primeiro.-** Aprobalo "[Proxecto de Mellora de viais en Taboada, Margaride, Dornelas, Moalde e outras](#)", por importe de **500.254,98 €** euros máis **105.053,55 €** euros de IVE (total 605.308,53 €), nos

termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

**Segundo.-** Que se proceda a efectuar o replánteo do Proxecto para a súa incorporación ao expediente de contratación.

### **Expediente 1451/2021. Aprobación inicio expediente contratación. Mellora de vias. Plan Concellos 2021**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

### **Expte.- 1450/2021. Mellora de vias en Taboada, Margaride, Dornelas, Moalde e outras Liña 1 Plan Concellos 2021.**

Vista a Resolución de concesión de subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS (PLAN CONCELLOS) NA SÚA LIÑA 1, publicada no BOPPO de 4 de xaneiro de 2021, modificada polo contido no BOPPO de 17 de febreiro de 2021 por importe de 605.308,54 € para a execución da obra denominada "[Proxecto de Mellora de vias en Taboada, Margaride, Dornelas, Moalde e outras](#)".

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: "[Proxecto de Mellora de vias en Taboada, Margaride, Dornelas, Moalde e outras](#)", por importe de **500.254,98 €** euros máis **105.053,55 €** euros de IVE (total 605.308,53 €).

Emitido informe polo técnico municipal César Pereiras Cambón de data 13/04/2021 sobre a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais e o cumprimento da normativa urbanística.

Constando no expediente as autorizacións sectoriais incorporadas preceptivas:

- Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 19/04/2021 (Expte. 2021017188). Estrada 6502. Silleda-Castro-Merza.
- Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 19/04/2021 (Expte. 2021017189). Estrada 7017. Calobre-Ponte Ledesma.
- Autorización Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Servizo Provincial de Pontevedra. Expte. Nº.- IF204A/PO/2021/0410. Resolución autorización dominio público e nas zonas de protección das estradas PO-205 e PO-211.
- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio de data 06 de xullo de 2021 indicando que a presente actuación no precisa de autorización en virtude das Instrucións de 08 de novembro de 2017 e 02 de agosto de 2019, relativas ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmoables catalogados e declarados de interese cultural, as súas contornas e as zonas de amortecemento.
- Consta presentada en Augas de Galicia a declaración responsable por actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía en data 21/06/2021.

Vista a necesidade de iniciar o procedemento de contratación desta obra que ten por obxecto a mellora dos camiños rurais da zona delimitada titularidade do Concello de Silleda, cuxo mantemento

entra dentro dos servizos mínimos obrigatorios que ten que prestar este Concello aos seus veciños,

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na Resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, do contrato de execución da obra denominada "[Proxecto de Mellora de vias en Taboada, Margaride, Dornelas, Moalde e outras](#)", por importe por importe de **500.254,98 €** euros máis **105.053,55 €** euros de IVE (total 605.308,53 €).

**SEGUNDO.** Que se incorpore a este expediente o documento contable que acredita a retención de crédito para a contratación desta obra por importe de 605.308,53 euros.

**TERCEIRO.-** Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

**CUARTO.-** Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO.-** Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SEXTO.-** Que se someta a aprobación o proxecto con carácter previo á aprobación do expediente de contratación e á apertura do procedemento licitatorio.

**SÉTIMO.-** Unha vez completado o expediente deberase someter a súa aprobación e dispoñer a apertura da licitación ao órgano de contratación, de conformidade co disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### **Expediente 742/2021. Subvencións por Concorrenza Competitiva**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local indicando que é preciso aprobar este asunto para poder exercer un control adecuado sobre a xustificación das subvencións.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno Local de data 26 de agosto de 2021.

**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTROL ESPECÍFICO ESTABLECIDO PARA A DAS AXUDAS CONCEDIDAS AO AMPARO DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS A ESTABLECEMENTOS DO SECTOR HOSTALEIRO PARALIZADOS POLA CRISE DA COVID-19**

Visto que por acordo do Pleno da Corporación de data 27 de maio de 2021, acordouse prestar aprobación ás Bases reguladoras de axudas a establecementos do sector hostaleiro, paralizados pola crise da COVID-19, co obxecto de paliar en parte a perda de ingresos do sector da hostalería, afectado pola crise pandémica (bares, cafeterías, restaurantes, hoteis, hostais, albergues, pubs, casas de turismo rural e discotecas).

Visto que ademais de cumprir cos requisitos especificados no punto 3 das bases, as persoas beneficiarias, entre outras, teñen a obriga de manter a actividade económica durante alomenos 2 meses contados a partir da concesión da axuda regulada na convocatoria e someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstos pola normativa vixente en materia de subvencións, tal e como se recolle no punto 6 das citadas bases (obrigas das persoas ou entidades beneficiarias).

En base a estas obrigas, e ao requisito de manter o establecemento aberto alomenos durante dous meses despois do aboamento da axuda recollida nas bases (1.200 euros por persoa/entidade beneficiaria), e de acordo co artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, os beneficiarios estarán sometidos aos controis que poidan establecerse para verificar a concorrencia da situación da persoa ou entidade perceptora.

En virtude do establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Considerando o anterior, estímase necesario regular un procedemento de control específico no marco das Bases reguladoras de axudas a establecementos do sector hostaleiro, paralizados pola crise da COVID-19, no que se concrete a documentación específica que deberá achegarse.

Polo exposto, co fin de concretar e publicitar os controis a realizar en relación a estas axudas, de acordo cos principios de obxectividade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia na xestión, á Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

-PRIMEIRO. Aprobar o procedemento de control específico para a xustificación e aboamento das axudas concedidas no marco das Bases reguladoras de axudas a establecementos do sector hostaleiro, paralizados pola crise da COVID-19 coas seguintes especificacións:

As persoas/ entidades receptoras deberán achegar nun prazo máximo de dous meses desde a notificación da concesión, as facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe igual ou superior a cantidade da subvención percibida que se correspondan con gastos realizados e pagados no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e ata o 30 de novembro de 2021. Admitiránse como gastos as seguintes tipoloxías:

- Gastos de alugueiro (bens mobles e inmobles)
- Gastos de arrendamento de maquinaria e/ou vehículos.

- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade.
- Servizos profesionais independentes; xestión, asesoría e consultaría.
- Gastos de subministro de auga, luz, gas e teléfono.
- Primas seguras; seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Vinculados co exercicio da actividade económica.
- Mantemento de comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxería.
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade.
- Gastos de persoal (nóminas...)

Todos estes gastos deberán estar vinculados ao local onde se desenvolve a actividade situado no Concello de Silleda.

Ditos documentos deberán acompañarse cun listado segundo o establecido no Anexo I

O incumprimento destas obrigas constitúe causa de reintegro.

SEGUNDO. Comunicar o acordo anterior relativo ao procedemento específico de control ás persoas beneficiarias no momento de informar da concesión da axuda.

### Anexo I

#### Documento de Control financeiro.

D....., con NIF..... como representante legal de: Entidade Beneficiaria: C.I.F/ N.I.F:

CERTIFICO:

Que dentro do período de control da subvención **AXUDAS A ESTABLECEMENTOS DO SECTOR HOSTALEIRO, PARALIZADOS POLA CRISE DA COVID-19** se realizaron os seguintes gastos:

| Nº  | Concepto | Importe | Data de pago |
|---|----------|---------|--------------|
|   |          |         |              |
|   |          |         |              |
|   |          |         |              |
|   |          |         |              |
|   |          |         |              |
|   |          |         |              |
| Total de Gastos*(incluír varias páxinas de ser preciso) |          |         |              |

Que se adxuntan as facturas ou documentos equivalentes correspondentes con ditos gastos, así como a xustificación do seu pagamento.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**